

## **ACORDO SOBRE O ASESORAMENTO SOLICITADO POLA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA DO 24 DE MARZO DE 2020, PARA A APROBACIÓN DO PLENO DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA.**

A Xunta Electoral de Galicia (XEG) presentou o 24 de marzo de 2020 ante o Consello de Contas de Galicia un escrito no que se solicita colaboración sobre o procedemento a seguir polas formacións políticas respecto ás contas bancarias electorais abertas para o proceso electoral convocado para as eleccións do 5 de abril de 2020, ao amparo do artigo 21 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas (LFPP).

### **1. COMPETENCIA**

O artigo 4 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas (LCCG) modificado pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, dispón no seu apartado f) que é función do Consello de Contas:

“Emitir ditames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financeira lle soliciten as institucións e entidades previstas no artigo 2.1.b”, que conforman o sector público da Comunidade Autónoma, entre as que figuran as entidades locais galegas, “así como atender ás consultas do Parlamento sobre os orzamentos da Comunidade Autónoma e a súa execución e liquidación, e emitir opinión, a solicitude do Parlamento ou da Xunta, sobre proxectos normativos que afecten aos ingresos ou gastos públicos”.

Do mesmo modo, no Regulamento de réxime interior do Consello de Contas (RRI) aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións (do Parlamento) co Consello de Contas o 23 de febreiro de 2017, o artigo 2 contempla o exercicio da función consultiva, nos termos previstos no artigo 4 da Lei, debendo a solicitude ser tramitada de acordo co procedemento previsto nos artigo 68 do citado regulamento que dispón:

“1. A formulación da consulta requirirá o acordo previo do Consello da Xunta, do pleno do ente local ou do órgano superior de goberno do resto de entidades do sector público de Galicia interesados.

2. Na solicitude de asesoramento concretarase o obxecto da consulta, debendo ser acompañada de todos os antecedentes, documentos ou informes necesarios para poder pronunciarse sobre a cuestión formulada. En todo caso, deberanse achegar os informes do servizo xurídico e, de ser o caso, do servizo de control interno da entidade que formula a consulta, co contido das súas respectivas conclusións a cada cuestión suscitada.

3. Recibida a solicitude de asesoramento, o conselleiro ou conselleira maior elevaraa ao Pleno, para que decida sobre a súa admisión. A decisión comunicarase ao órgano consúltante, sen que caiba recurso contra a súa denegación.

4. Non se admitirán as solicitudes de consulta a que se refire o artigo 67.1.a) que non conteñan un obxecto preciso ou sexan confusas ou xenéricas, substitúan a fiscalización de control interno ou versen sobre asuntos xa consultados por esa entidade.

5. Se, unha vez admitida a consulta, o Consello estima que a documentación está incompleta, requirirase ao ente consúltante para que se complete coa documentación adicional que se indique para o efecto, suspendéndose neste suposto o cómputo dos prazos para a súa contestación ata a recepción da documentación solicitada. De non se completar a

documentación no prazo de quince días, a solicitude de asesoramento arquivarase conforme ás normas que regulan o procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. O Pleno determinará o membro do Consello de Contas que debe dirixir o asesoramento, así como o prazo para a súa realización e o persoal de apoio con que contará para a elaboración da proposta de ditame, que será sometida ao informe da Asesoría Xurídica do Consello. O conselleiro ou conselleira responsable da emisión do informe ao que alude o artigo 67.2 será o titular do departamento competente en materia de facendas locais.

7. Unha vez aprobado o resultado da consulta polo Pleno, remitirase ao ente consúltante e publicarase na páxina web do Consello de Contas.”

Se analizamos en primeiro termo a solicitude de colaboración da XEG que dirixe ao Consello de Contas, cómpre poñer de manifesto que a entidade solicitante non se atopa dentro das institucións e entidades incluídas no artigo 2.1 b da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas (LCCG) que poden solicitar consultas en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financeira lle soliciten. Porén, si que se atopan incluídas no citado artigo “as formacións políticas e as fundacións e entidades vinculadas ás formacións políticas ou vinculadas a elas, exclusivamente no que atinxe á xustificación das subvencións que reciban dalgunha das entidades ás que se refire o punto 1 deste artigo e sen prexuízo das competencias do Tribunal de Contas e do establecido na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos político”.

Pola súa banda, a XEG comunica no seu escrito de colaboración que dirixe ao CCG que varias formacións políticas lle dirixiron consultas (que non se axuntaron ao Consello de Contas) co obxecto de coñecer o procedemento a seguir respecto ás contas bancarias electorais abertas para as eleccións autonómicas, deixadas sen efecto en virtude do Decreto 45/2020, do 18 de marzo, polo que se deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19.

A XEG fundamenta a súa petición de colaboración ao Consello de Contas na lexislación sectorial, en concreto, no artigo 21 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas que establece que:

”1. Desde a data da convocatoria ata o centésimo día posterior ao da celebración das eleccións, a Xunta Electoral de Galicia velará polo cumprimento das normas establecidas nos artigos anteriores deste capítulo.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, corresponde á Xunta Electoral de Galicia o control da contabilidade electoral, e poderá solicitar, para estes efectos, a colaboración do Consello de Contas.

3. A Xunta Electoral de Galicia poderá solicitar en todo momento das entidades de crédito o estado das contas electorais, números e identidade dos suxeitos impositores e cantas cuestións xulgue precisas para o cumprimento da súa función fiscalizadora.

4. Así mesmo, poderá solicitar dos administradores ou administradoras electorais as informacións contables e sobre as actividades electorais que considere necesarias e abrir investigacións sobre a autenticidade dos datos achegados por eles ou elas, e deberá resolver por escrito as consultas que aqueles ou aquelas lle formulen”.

De forma específica, no eido do control da financiación dos partidos políticos, na amentada Lei 9/2015, do 7 de agosto destaca en especial o papel que se lle atribúe ao Consello de Contas, como órgano de control da contabilidade electoral das formacións políticas, así como, en xeral,

como órgano fiscalizador das subvencións outorgadas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, tal e como prevé o artigo 4.b) da Lei 6/1985, do 24 de xuño.

En todo caso, a actividade de fiscalización e control que se atribúe ao Consello de Contas, como non pode ser doutra forma, non exclúe nin é incompatible coa que corresponde ao Tribunal de Contas. Neste sentido, a propia lei, no seu artigo 37, remite para a fiscalización das subvencións para gastos de funcionamento ao disposto na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo.

En atención ao exposto, e a pesar que a XEG non se atopa incluída no artigo 2.1 b) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas como unha das entidade que poden solicitar consulta ao Consello de Contas, o órgano plenario, previa deliberación, acordou que en virtude da lexislación sectorial que rexe na financiación dos partidos políticos e a competencia material atribuída o artigo 4.b) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, admitir a consulta da Xunta Electoral de Galicia na reunión extraordinaria convocada ao efecto o 26 de marzo de conformidade co previsto no artigo 5.2 j) e 68.3 do Regulamento de Réxime Interior.

Asemade na mesma reunión, os membros do Consello de Contas acordaron que fora o Conselleiro Maior o encargado de dirixir o asesoramento da consulta da XEG, así como o persoal de apoio da área de Coordinación coa que contará para a elaboración da proposta de acordo, que será sometida ao informe da Asesoría Xurídica do Consello.

A letrada Maior do Consello de Contas colaborou, por requirimento do Conselleiro Maior, no asesoramento xurídico das cuestións sometidas á consulta da XEG na elaboración da proposta de acordo que se elevou ao órgano Plenario. A Asesoría Xurídica de conformidade co previsto no artigo 68.3 do Regulamento de Réxime Interior emitiu informe fundado en Dereito sobre a proposta sometida a súa consideración.

En segundo lugar, no obxecto da colaboración que se eleva pola XEG ao Consello, cabe poñer de manifesto que o procedemento regrado para o exercicio da función consultiva do Consello non se cumpre nos estritos termos previstos nos artigos 66 a 69 do Regulamento de réxime interior do Consello. A pesar dilo, o Pleno, previa deliberación na reunión do 26 de marzo de 2020, acordou aplicar un principio antiformalista e unha interpretación integradora coa dimensión constitucional do marco normativo derivado da declaración do estado de alarma e a situación de emerxencia sanitaria, que impuxo, de facto, deixar sen efecto a celebración das eleccións convocadas polo Decreto 12/2020, do 10 de febreiro e que se ditase o Decreto 45/2020, do 18 de marzo, polo que se deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19. proceder a efectuar unha nova convocatoria no prazo máis breve posible unha vez levantada a declaración do estado de alarma.

## **2. DOCUMENTACION RECIBIDA E ALCANCE DA CONSULTA**

2.1 A XEG unicamente achegou ao Consello de Contas un escrito o 24 de marzo de 2020 no que solicita colaboración e asesoramento sobre o procedemento a seguir polas formacións políticas respecto ás contas bancarias electorais abertas para o proceso electoral convocado para as eleccións do 5 de abril de 2020.

Non se remitiron mais antecedentes.

## **2.2 ALCANCE DA CONSULTA.**

O 24 de marzo de 2020, a XEG acorda “Solicitar do Consello de Contas de Galicia a súa colaboración para que se pronuncie á maior brevidade posible sobre os seguintes extremos:

1º O destino das imposicións realizadas nas contas bancarias electorais polas entidades políticas que se presentaron ás eleccións convocadas para o 5 de abril de 2020, logo de que quedaran sen efecto en virtude do Decreto da Presidencia da Xunta de Galicia 45/2020, do 18 de marzo.

2º O procedemento que deben seguir as citadas entidades políticas en relación coas contas bancarias electorais que abriron para as ditas eleccións do 5 de abril de 2020 deixadas sen efecto.”

## **3. ANTECEDENTES**

**3.1** O día 11 de febreiro de 2020 foi publicado o Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións. En virtude desta norma, queda disolto o Parlamento de Galicia elixido o día vinte e cinco de setembro de dous mil dezaseis, convocándose eleccións ao Parlamento de Galicia, que terán lugar o cinco de abril de dous mil vinte.

Unha vez constituída a XEG, nomeáronse os Administradores electorais correspondentes ás formacións políticas que se presentan ao proceso electoral contemplados nos artigos 5 e 6 da Lei 9/2015, do 7 de agosto e autorizáronse as contas bancarias electorais conforme ao disposto no artigo 10 do mesmo texto legal.

**3.2** A XEG comunicou ao Consello de Contas que as formacións políticas con dereito a ilo solicitaron á Xunta de Galicia o anticipo do 30% da subvención electoral conforme ao regulado no artigo 20.2 da Lei 9/2015.

**3.3** O día 18 de marzo de 2020, publicouse o Decreto 45/2020, do 18 de marzo, polo que se deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19. O amentado decreto deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento galego convocadas para o 5 de abril de 2020 polo Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións. Así mesmo establece que a convocatoria de eleccións ao Parlamento galego activarase unha vez levantada a declaración do estado de alarma e a situación de emerxencia sanitaria. A dita convocatoria realizarase no prazo máis breve posible, oídos os partidos políticos, e por decreto do Presidente da Xunta.

**3.4** Ante esta situación, que non ten precedentes, a XEG solicita o pronunciamento do Consello de Contas de Galicia sobre os extremos xa expostos no apartado 2.2.

## **4. NORMATIVA APLICABLE**

Para a resolución das cuestións consultadas pola XEG deberá acudirse á seguinte normativa:

### **4.1 Normativa reguladora do Consello de Contas de Galicia.**

- Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.
- Resolución do 27 de febreiro de 2017, pola que se dispón a publicación do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia.

## **4.2 Normativa sectorial aplicable ao financiamento dos partidos políticos e a fiscalización dos gastos electorais.**

### **4.2.1 No ámbito estatal:**

- Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX)

Pola que afecta ao eido sometido á consulta da XEG, no artigo 125 da LOREX todos os fondos destinados a sufragar os gastos electorais, calquera que sexa a súa procedencia, deben ingresarse nas contas abertas para a recadación de tales fondos e todos os gastos deben pagarse con cargo a estas

- Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, supuxo un avance respecto da anterior Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, ao introducir unha regulación tendente a garantir a suficiencia, a regularidade, a transparencia e un maior control da actividade económico-financeira dos partidos políticos. As leis orgánicas 5/2012, do 22 de outubro, e 3/2015, do 30 de marzo, de reforma daquela.

### **4.2.2 No nivel autonómico:**

- Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas.
- Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

### **4.2.3 Normativa derivada de Declaración do Estado de alarma.**

- O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. A dita declaración afecta todo o territorio nacional e a súa duración inicial fíxase en 15 días naturais (artigos 2 e 3), contados desde a data de publicación no *Boletín Oficial del Estado* do real decreto, aínda que neste se prevé a posibilidade de prórroga do devandito período inicial. Prórroga de 15 días naturais cuxa autorización foi outorgada polo Congreso dos Deputados o 25 de marzo de 2020.
- Decreto 45/2020, do 18 de marzo, polo que se deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19.

## **5. OPINIÓN DO CONSELLO DE CONTAS RESPECTO Á COLABORACIÓN SOLICITADA POLA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA.**

Tal e como se indicou no apartado 2.2 deste Acordo, a XEG acordou o 24 de marzo de 2020 “Solicitar do Consello de Contas de Galicia a súa colaboración para que se pronuncie á maior brevidade posible sobre os seguintes extremos:

1º O destino das imposicións realizadas nas contas bancarias electorais polas entidades políticas que se presentaron ás eleccións convocadas para o 5 de abril de 2020, logo de que quedaran sen efecto en virtude do Decreto da Presidencia da Xunta de Galicia 45/2020, do 18 de marzo.

2º O procedemento que deben seguir as citadas entidades políticas en relación coas contas bancarias electorais que abriron para as ditas eleccións do 5 de abril de 2020 deixadas sen efecto.”

### **5.1 Sobre o destino das imposicións realizadas nas contas bancarias electorais polas entidades políticas que se presentaron ás eleccións convocadas para o 5 de abril de 2020, logo de que quedaran sen efecto en virtude do Decreto da Presidencia da Xunta de Galicia 45/2020, do 18 de marzo.**

Para facilitar un control dos gastos electorais e lograr maior transparencia na contabilidade electoral, a LOREX obriga a cada candidatura a ter un administrador electoral responsable dos seus ingresos e gastos, así como un administrador xeral no caso dos partidos, federacións ou coalicións que presenten candidatura en máis dunha provincia. A contabilidade deberá axustarse en todo caso aos principios xerais contidos no Plan Xeral de Contabilidade, e os administradores xerais e os das candidaturas deben comunicar á Xunta Electoral Central e ás Provinciais as contas abertas para a recadación de fondos. Todos os fondos destinados a sufragar os gastos electorais deben ingresarse nas mencionadas contas e todos os gastos deben pagarse con cargo ás mesmas.

Na solicitude de colaboración infórmase ao Consello de Contas que a XEG é coñecedora do criterio da Xunta electoral Central que mantén “que non deben subsistir as contas bancarias abertas respecto a un proceso electoral anterior, senón que ha de procederse a abrir unha nova conta bancaria respecto a un proceso electoral posterior e comunicarse á JEC” (Acordo de 1978).

Aínda que a LOREX non contén un réxime sancionador propiamente dito si establece certas previsións (minoración ou proposta de non concesión das subvencións) para os supostos en que o Tribunal de Contas, ou no caso de eleccións autonómicas o órgano de Control Externo, aprecie irregularidades na contabilidade electoral dos partidos políticos ou violacións das restricións establecidas en materia de ingresos e gastos electorais. Ademais, outorga competencias nesta materia ás Xuntas Electorais competentes para que, de acordo co artigo 132 da LOREX, desde a data da convocatoria ata o centésimo día posterior á celebración das eleccións, velarán polo cumprimento das normas nesta materia, podendo solicitar en todo momento das entidades de crédito e dos administradores electorais a información que precisen.

En concreto, respecto á regulación das contas electorais abertas polos partidos políticos en materia de financiamento electoral, nos artigos 10 a 13 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, en consonancia co mandato previsto artigo 125 da LOREX, responden á mesma idea de velar pola regularidade do financiamento das formacións políticas e de loitar contra a corrupción, regulándose a abrigo legal de que as achegas de fondos ás formacións políticas para sufragar os gastos electorais deben ser aboadas directamente polas persoas achegadoras nas contas

abertas para tal fin e a inclusión dunha mención expresa ás funcións de control que debe desenvolver a XEG na liña do sinalado pola Xunta Electoral Central en varios dos seus Acordos. Así, e polo que respecta á esixencia de abrir contas electorais únicas para a imputación de gastos e ingresos durante o proceso electoral, o artigo 125 da LOREX establece que:

“1. Todos os fondos destinados a sufragar os gastos electorais, calquera que sexa a súa procedencia, deben ingresarse nas mencionadas contas e todos os gastos deben pagarse con cargo ás mesmas.

2. Os administradores electorais e as persoas por eles autorizadas para dispoñer dos fondos das contas son responsables das cantidades ingresadas e da súa aplicación aos fins sinalados.

3. Rematada a campaña electoral só se poderá dispoñer dos saldos destas contas para pagar, nos noventa días seguintes ao da votación, gastos electorais previamente contraídos.

4. Toda reclamación por gastos electorais que non sexa notificada aos correspondentes administradores nos sesenta días seguintes ao da votación considerárase nula e non pagadeira. Cando exista causa xustificada, as Xuntas Electorais Provinciais ou, no seu caso, a Xunta Central, poden admitir excepcións a esta regra.”

Cun contido similar á Lei 5/1985 do 19 de xuño, os artigos 10 a 13 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas, regula os requisitos e obrigas que teñen que cumprir as contas únicas abertas para a recadación de fondos que están destinados de forma exclusiva a destinados a sufragar os electorais.

O artigo 10 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, establece que:

“1. De conformidade co disposto no artigo 125 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, todos os fondos destinados a sufragar os gastos electorais, calquera que sexa a súa procedencia, deben ingresarse nas contas abertas para a recadación de tales fondos e todos os gastos deben pagarse con cargo a estas. Rematada a campaña electoral, só se poderá dispoñer dos saldos destas contas para pagar, nos noventa días seguintes ao da votación, gastos electorais previamente contraídos.

2. Os administradores ou as administradoras electorais e as persoas autorizadas por eles/as para dispoñeren dos fondos das contas son responsables das cantidades ingresadas e da súa aplicación para os fins sinalados. “

En relación aos requisitos de apertura da conta única electoral, o artigo 11 da lei autonómica preceptúa que:

“1. A apertura das contas ás que se refire o artigo anterior poderá realizarse, a partir da data do nomeamento dos administradores ou administradoras electorais, en calquera entidade de crédito.

2. Os administradores ou administradoras xerais e os das candidaturas comunicarán á Xunta Electoral de Galicia e ás xuntas provinciais, respectivamente, as contas abertas para a recadación de fondos nas vinte e catro horas seguintes á súa apertura.”

En consonancia coa regulación anterior, o artigo 12 da lei 9/2015, do 7 de agosto, prevé que os fondos destinados a sufragar os gastos electorais deberán ser aboados directamente nas contas ás que se refiren os artigos anteriores polas persoas achegadoras. Do mesmo xeito, indícase que se as candidaturas presentadas non son proclamadas ou renuncian a concorrer ás eleccións ao Parlamento de Galicia, as imposicións realizadas por terceiras persoas nas contas ás que se refiren os artigos anteriores deberán serlles restituídas polas formacións políticas que as promoveron.

Por outra banda, no eido concreto da fiscalización da contabilidade dos partidos políticos, tanto ordinaria como electoral, tanto a LOREX coma a Lei 9/2015, do 7 de agosto, baséase nun momento posterior á celebración da votación electoral e na información que deben entregar ao Tribunal de Contas ou ao Consello de Contas, no noso caso, tanto os partidos políticos e fundacións fiscalizadas como tamén os provedores, particulares, entidades de crédito e empresas, polo que a falta de colaboración destes suxeitos co Consello incidirá directamente no labor de control do órgano fiscalizador.

Da normativa exposta, pódese extraer como conclusión que as contas únicas electorais abertas polos partidos políticos, están “afectas” por imperativo legal a unha fin única e excluínte: os seus fondos están destinados a sufragar os gastos electorais xerados que deben pagarse con cargo ás mesmas. Cando remate unha campaña electoral, haberá que liquidar as contas para cancelalas, polo que o artigo 125.4 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño establece que só se poderá dispoñer dos saldos destas contas para pagar nos noventa días seguintes ao da votación e respecto aos gastos electorais previamente contraídos.

A conclusión anterior do Consello de Contas, é conforme coa doutrina reiterada da Xunta Electoral Central sobre as contas electorais únicas dos partidos:

- No Acordo 74/2016 da Xunta Electoral Central (Núm. Expediente: 340/696) establécese que: “A Xunta Electoral Central ten reiteradamente declarado que non se pode cancelar a conta ata que non se pagaron todos os gastos nos termos do artigo 125 (Ac. 18 de xuño de 1993). De conformidade co artigo 3.2 do Real Decreto 1907/1995, do 24 de novembro, polo que se regula a tramitación das subvencións estatais anuais por gastos electorais ás formacións políticas, os abonos deberán ingresarse, no caso de subvencións por gastos electorais, nas contas correntes a que se refire o artigo 125 da LOREG”.
- Acordo da Xunta Electoral Central 53/1989 (Núm. Expediente: 000/89052305): “O Partido Popular consulta sobre obrigatoriedade de devolución de remanentes de créditos unha vez finalizado o proceso electoral. O artigo 125.1 da Lei Electoral dispón que todos os fondos destinados a sufragar os gastos electorais, calquera que sexa a súa procedencia, deben ingresarse nas correspondentes contas e todos os gastos deben pagarse con cargo ás mesmas, por outra banda, o apartado 3 do mesmo artigo establece que terminada a campaña electoral, só se poderá dispoñer dos saldos destas contas para pagar, nos noventa días seguintes ao da votación, gastos electorais previamente contraídos. En consecuencia, non podendo destinarse os fondos recibidos para financiamento da campaña a fins distintos do pago dos gastos electorais, debe entenderse que, se resultan remanentes por non quedar máis gastos electorais que sufragar, han de designarse aqueles á amortización parcial ou total dos créditos concedidos ás entidades políticas.”

## **5.2 A declaración do estado de alarma e a promulgación do Decreto da 45/2020, do 18 de marzo.**

Se aplicamos á normativa exposta á solicitude de colaboración da XEG ao Consello de Contas, sobre cal debe ser o destino das imposicións realizadas nas contas bancarias electorais polas entidades políticas que se presentaron ás eleccións convocadas para o 5 de abril de 2020, logo de que quedaran sen efecto, débense ter en conta, de forma coetánea, unha serie de



parámetros interpretativos que inciden na realidade social do tempo en que a normativa de financiación dos partidos políticos ha de ser aplicada (interpretación finalista e teleolóxica das normas, artigo 3.1 do Código civil).

Do exposto, o Consello de Contas conclúe respecto ao destino das imposicións realizadas nas contas bancarias electorais polas entidades políticas que se presentaron ás eleccións convocadas para o 5 de abril de 2020, do modo seguinte:

- Atopámonos ante un suposto de feito excepcional e extraordinario, como é o de deixar sen efecto a convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19; situación que non aconteceu antes na nosa Comunidade Autónoma.
- A incidencia da declaración do estado de alarma nas eleccións ao Parlamento de Galicia non está expresamente prevista na normativa aplicable de financiación dos partidos políticos, nin evidentemente, se contempla a situación de forza maior a consecuencia da cal se regule o destino das contas electorais únicas abertas cando un convocatoria electoral que é deixada sen efecto. Do mesmo xeito, non existen precedentes nin na doutrina da XEG nin da Xunta Electoral Central que resolverse esta cuestión xurídica controvertida.
- Por tanto, ante o silencio legal, o marco normativo derivado da declaración de estado de alarma obriga e o Decreto 45/2020, do 18 de marzo, polo que se deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19, debe ser tido en conta coma normativo excepcional para a buscar unha solución integradora ao asunto sometido á consulta do Consello, que non sexa gravosa nin para os partidos políticos que presentaron candidaturas ás eleccións do 5 de abril de 2020 nin para os terceiros provedores que prestaron servizos e xeraron gastos electorais nas contas únicas electorais que se constituíron de conformidade cos artigos 11 a 13 da Lei 9/2015, do 7 de agosto para á convocatoria de eleccións do 5 de abril.
- A pesar de que a XEG considera que o Decreto 45/2020, do 18 de marzo, deixa sen efecto as contas bancarias electorais, non parece adecuado cancelalas e poderían quedar operativas tanto para realizar cobranzas como pagar os gastos aos acredores pola adquisición de bens e servizos que fosen correctamente prestados e executados e, por tanto, evitar o prexuízo de terceiros que se produciría se se decretase a cancelación das devanditas contas bancarias electorais.
- A regulación que expuxemos no subapartado 5.1 precedente respecto aos requisitos e obrigas impostas aos partidos políticos respecto ás contas únicas electorais, ten por finalidade facilitar o control dos gastos electorais e lograr maior transparencia na contabilidade electoral. Os fondos das contas abertas teñen que necesariamente ser destinados a sufragar os gastos electorais que deben ingresarse nas mencionadas contas e todos os gastos deben pagarse con cargo ás mesmas.

- O Decreto 45/2020, do 18 de marzo, no seu articulado deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento galego convocadas para o próximo 5 de abril de 2020. É dicir, a norma regulamentaria dende a súa entrada en vigor o 18 de marzo de 2020, produce un efecto xurídico extintivo *ex tunc*, que poderíamos asimilar aos efectos da liquidación e posterior cancelación das contas electorais únicas abertas polos partidos políticos, ao día do remate da compañía electoral.
- Conforme a unha interpretación finalista e sistemática dos artigos 125 da LOREX e 10 e 11 da LFPP, o 18 marzo de 2020 (cando entrou en vigor o Decreto 45/2020, do 18 de marzo) constitúe o termo extintivo asimilable o remate da compañía electoral; de tal xeito, que as contas bancarias poderían quedar abertas e operativas para percibir cobranzas e pagar soamente as facturas de gastos que abrangue dende o período de vixencia do Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións ata 18 de marzo de 2020.
- O Consello de Contas considerará válidas todas as operacións de contido económico susceptibles de rexistro contable polas formacións políticas, realizadas entre a data de publicación do Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, (11 de febreiro de 2020) e a de publicación do Decreto 45/2020, do 18 de marzo, polo que se deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19 (18 de marzo de 2020).
- É dicir, todos os movementos de cargo e abono realizados nas contas bancarias electorais autorizadas pola XEG, tales como achegas da formación política, anticipos de subvencións percibidos, e calquera tipo de gastos realizados en bens ou servizos electorais susceptibles de ser encadrados no artigo 14 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, consideraríanse válidos e admisibles para o exercicio da función de fiscalización das contabilidades electorais a realizar polo Consello de Contas en cumprimento ao disposto no artigo 27 da citada lei reguladora.
- Por conseguinte, o Consello considera que tales operacións serían tidas en conta na fiscalización para realizar como consecuencia da nova convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia, e a fiscalizalas nos termos da lei 9/2015 de maneira que, se as considera conformes, sexan amparables pola correspondente subvención de gastos electorais.

### **5.3 Sobre o procedemento que deben seguir as entidades políticas en relación coas contas bancarias electorais que abriron para as ditas eleccións do 5 de abril de 2020 deixadas sen efecto.**

Respecto ao procedemento que deben seguir as entidades políticas en relación coas contas bancarias electorais que abriron para as ditas eleccións do 5 de abril de 2020, o Consello de Contas recomenda á XEG que, no exercicio das competencias que lle son atribuídas no artigo 21 da LFPP, dite unha instrución dirixida aos partidos políticos que abriron as contas bancarias para

as eleccións do 5 de abril de 2020, na que se poderá ter en contas as seguintes recomendacións do Consello:

- Considéranse válidas todas as operacións de contido económico susceptibles de rexistro contable polas formacións políticas realizadas nas contas únicas electorais abertas dende a data de publicación do Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, (11 de febreiro de 2020) e a de publicación do Decreto 45/2020, do 18 de marzo, polo que se deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19 (18 de marzo de 2020).
- Logo do 18 de marzo de 2020 só se poderá dispoñer dos saldos destas contas para pagar, nos noventa días seguintes a dita data, os gastos electorais previamente contraídos durante o período que abrangue dende o 11 de febreiro a 18 de marzo de 2020 (artigo 125.4 da LOREX e 10.1 da LFPP).
- Toda reclamación por gastos electorais que non sexa notificada aos correspondentes administradores nos sesenta días seguintes ao do 18 de marzo de 2020 considerarase nula e non pagadeira. Cando exista causa xustificada, a XEG poderá admitir excepcións a esta regra.
- Os administradores ou as administradoras electorais e as persoas autorizadas por eles/as son responsables das cantidades ingresadas e da súa aplicación para os fins sinalados. Unha vez liquidados todos os movementos de cargo e abono realizados nas contas bancarias, os administradores comunicarán á Xunta Electoral de Galicia as contas canceladas nas vinte e catro horas seguintes ao seu peche.



María Luisa Cardesín Díaz, secretaria xeral do Consello de Contas,

CERTIFICO: Que o Pleno do Consello de Contas de Galicia, en sesión que tivo lugar o día 30 de marzo de 2020, aprobou a contestación a solicitude da Xunta Electoral de Galicia, de data 23 de marzo de 2020, na que interesaba o pronunciamento da Institución sobre as cuestións suscitadas en relación coas contas bancarias electorais abertas para as eleccións ao Parlamento de Galicia convocadas para o 5 de abril de 2020.

E para que así conste, expido a presente certificación, co visto e prace do conselleiro maior do Consello de Contas, a 1 de abril de 2020.

Visto e prace

O conselleiro maior

José Antonio Redondo López

MARÍA LUISA  
CARDESÍN  
DÍAZ -  
32748333J

Firmado digitalmente por  
MARÍA LUISA  
CARDESÍN DÍAZ -  
32748333J  
Fecha: 2020.04.01  
15:03:03 +02'00'

